

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 07-04-2021 09:00 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

**Por favor, cubra os seus datos antes de
comezar a responder:**

*Por favor, cubra os seus datos antes de comezar a
responder:*

Nome e apelidos

Nome e apelidos

DNI:

Sinatura:

Firma:

**Exame de obtención do Certificado de Aptitude
Profesional (CAP)**

Mercadorías

07/04/2021

09:00 H

-GALEGO-

MODELO A



**Dele la vuelta al cuaderno
para disponer del examen en
CASTELLANO**

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 07-04-2021 09:00 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

1. Que debe facer un condutor durante a carga dun vehículo con mercadoría perigosa?

- a) Permanecer na cabina.
- b) Comprobar os mecanismos de descarga.
- c) Evitar a realización de traballos incompatibles coa seguridade da operación.
- d) Manter o motor en marcha.

2. Que é a resistencia por rozamento?

- a) É a forza que opón resistencia ao movemento dunha superficie sobre a outra.
- b) É a forza que se opón ao movemento dun camión a través do aire.
- c) É a magnitude física que mide a taxa de variación da velocidade respecto do tempo.
- d) É a cantidade de masa que percibe para o correcto traballo de adherencia, dirección e freado.

3. Que é un semirremolque?

- a) É o vehículo automóbil concibido e construído para rubir pola vía.
- b) É o conxunto de vehículos formado por un tractor e un camión.
- c) É o vehículo concibido para ser axustado a un automóbil, sobre o que repousará parte do mesmo, transferíndolle unha parte substancial da súa masa.
- d) É o grupo de vehículos constituído por un automóbil e un remolque que circula como unha unidade.

4. O incorrecto comportamento do camión durante o freado é unha característica típica:

- a) da correcta estiba da carga.
- b) da correcta presión de inflado.
- c) do comportamento correcto do sistema de suspensión.
- d) da sobrecarga nos eixos dianteiro e traseiro.

5. Que considera a normativa como transporte interior de mercadorías?

- a) O realizado no interior das poboacións de forma exclusiva.
- b) O transporte que non excede os límites do país.
- c) O realizado dentro do espazo Schengen.
- d) O realizado dentro de Europa.

6. Como se denomina o tipo de vehículo para o transporte de mercadorías perigosas en xeral (cisternas)?

- a) AT.
- b) OX.
- c) EX/II.
- d) HJ.

7. De acordo coa clasificación das mercadorías perigosas que fai o ADR, a que clase de mercadoría fai referencia a Clase 6.1?

- a) Materias que poden experimentar inflamación espontánea.
- b) Líquidos inflamables.
- c) Gases.
- d) Materias tóxicas.

8. De acordo coa clasificación das mercadorías perigosas que fai o ADR, a que clase de mercadoría fai referencia a Clase 8?

- a) Materias corrosivas.
- b) Materias infecciosas.
- c) Materias tóxicas.
- d) Materias comburentes.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 07-04-2021 09:00 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

9. Están exentos de autorización administrativa os transportes de mercadorías de carácter privado complementario de:

- a) ata 8 toneladas de masa máxima autorizada.
- b) ata 4,5 toneladas de masa máxima autorizada.
- c) ata 3,5 toneladas de masa máxima autorizada.
- d) ata 7 toneladas de masa máxima autorizada.

10. Segundo o ADR, que é a presión de proba nunha cisterna?

- a) A que se aplica ao depósito durante os diferentes ensaios e controis.
- b) A que se aplica ao depósito durante a carga inicial.
- c) A que se mantén no depósito despois da descarga debido aos gases acumulados.
- d) A que se aplica ao depósito para comprobar a súa compatibilidade con certas mercadorías.

11. Nun transporte de mercadorías perigosas, quen debe equipar o vehículo para caso de accidente seguindo as instrucións escritas?

- a) O transportista.
- b) O condutor.
- c) O expedidor.
- d) O cargador.

12. Como se denomina habitualmente o transporte de mercadorías por conta allea?

- a) Transporte público.
- b) Transporte común.
- c) Transporte privado.
- d) Transporte alugado.

13. Para realizar transporte privado complementario de mercadorías cun vehículo de 2,5 toneladas de MMA, necesítase autorización administrativa?

- a) Non.
- b) Si.
- c) Non, só se o vehículo é refrixerado.
- d) Só se o transporte é de mercadorías perecedoiras.

14. Para realizar viaxes longas, máis de oito horas, en transporte de gando, necesítase unha autorización específica?

- a) Non.
- b) Só para gando equino.
- c) Si.
- d) Só para transporte internacional.

15. Para conducir un camión cuxa MMA sexa de 6.000 kg, que permiso de condución se necesita?

- a) Os permiso C1 ou D1 indistintamente.
- b) O permiso de clase B.
- c) O permiso de clase BTP.
- d) O permiso de clase C1.

16. Cal é a masa máxima permitida por eixo no caso dun eixo simple non motor?

- a) 12 toneladas.
- b) 9 toneladas.
- c) 11 toneladas.
- d) 10 toneladas.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 07-04-2021 09:00 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

17. Cantos máis cambios realice o condutor dun camión durante unha subida:

- a) menos veces se perderá velocidade.
- b) menos veces se terá que recuperar a velocidade.
- c) máis veces se perderá velocidade.
- d) chegarase antes á cima consumindo menos.

18. O remolque:

- a) é un vehículo de motor non autopropulsado.
- b) é un automóbil.
- c) é un vehículo non autopropulsado.
- d) é un vehículo autopropulsado de motor.

19. Que efectos produce a carta de porte electrónica no caso dun transporte suxeito ao Convenio CMR?

- a) Ningún.
- b) Os mesmos que a carta expedida en papel, á que se considera equivalente.
- c) Cando non vaia acompañada da carta expedida en papel só produce efectos limitados.
- d) A carta de porte electrónica non existe.

20. Cal dos seguintes transportes internacionais de mercadorías entre países integrados no sistema de autorizacións CEMT está liberalizado?

- a) Os transportes de vehículos accidentados ou avariados.
- b) Os transportes de vehículos en camións preparados para este fin.
- c) Os transportes de vehículos en camións que non superen as 10 toneladas de masa máxima autorizada.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

21. Nunha empresa de transporte de mercadorías, realizar operacións ordinarias de contabilidade é función propia do:

- a) comercial.
- b) administrativo.
- c) condutor.
- d) xefe de tráfico.

22. Cal é o capital mínimo que normalmente ha de ter unha sociedade de responsabilidade limitada?

- a) 3.000 euros.
- b) 60.000 euros.
- c) Depende do número de vehículos cos que se pense traballar.
- d) Non hai capital mínimo, a cantidade determínana libremente os socios.

23. Cal das seguintes se considera mercadoría da Unión a efectos aduaneiros?

- a) A obtida totalmente no territorio aduaneiro da Unión.
- b) A obtida totalmente en calquera parte do territorio dalgún Estado membro da Unión Europea.
- c) A obtida totalmente no territorio dalgún Estado membro da Unión Europea ou en Islandia, Noruega ou Liechtenstein.
- d) As respostas A e B son correctas.

24. Considéranse estradas as vías construídas para a circulación de vehículos automóbiles cuxo dominio:

- a) é privado, compartido por todos os condutores
- b) é público, excepto as autoestradas, que son de dominio privado
- c) pode ser tanto público como privado
- d) é público

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 07-04-2021 09:00 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

25. O abandono da RIMP por un vehículo que transporta mercadorías perigosas admítase en caso de:

- a) Acceso a un lavadoiro oficial de cisternas.
- b) Realización de operacións de carga ou descarga.
- c) Acceso a un aparcamento especialmente habilitado.
- d) Todas son correctas.

26. A que número de revolucións se alcanza a potencia máxima dun motor?

- a) Ao número de revolucións ás que vira o motor no momento de arrincalo.
- b) A baixas revolucións.
- c) A un número intermedio de revolucións.
- d) A un número de revolucións próximo ao máximo.

27. Cada canto tempo debe seguirse un curso de formación continua para a renovación da tarxeta de cualificación do condutor?

- a) Polo menos cada 10 anos.
- b) Polo menos cada 3 anos.
- c) Polo menos cada 5 anos.
- d) Non é necesario renovar a tarxeta.

28. Que efecto se produce no réxime de revolucións do motor ata chegar ás rodas?

- a) Prodúcese unha multiplicación.
- b) Prodúcese unha desmultiplicación.
- c) Prodúcese unha desclasificación.
- d) Prodúcese unha potenciación.

29. Cal destas afirmacións é incorrecta?

- a) Ao efectuar as revisións periódicas do vehículo, convén supervisar o sistema de climatización.
- b) O deseño do habitáculo de conducción debe ser tal que, en caso de accidente, se maximicen os danos do condutor ao impactar co mesmo.
- c) Non interesa deixar obxectos soltos no habitáculo de conducción.
- d) É necesario asegurar a renovación do aire no habitáculo de conducción.

30. Que elemento da cadea cinemática ten como función converter a forza e o número de revolucións do motor en función da forza de tracción que se quere conseguir?

- a) O cigüeñal.
- b) A caixa de velocidades.
- c) O embrague.
- d) O diferencial.

31. Que precaucións deberán tomar os condutores para evitar atropelos?

- a) Moderar a velocidade na cidade.
- b) Estar especialmente atentos aos peóns que van falando polo móbil.
- c) Poñer atención na saída dos garaxes.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

32. Ao socorrer aos feridos nun accidente de circulación, é conveniente tentar que tomen medicamentos analxésicos?

- a) Si, pois servirán para aliviar a súa dor.
- b) Si, sempre que os obtiveramos con receita médica.
- c) En ningún caso debemos proporcionarlles medicamentos.
- d) Non, salvo que os feridos estean conscientes e pídannolo.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 07-04-2021 09:00 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

33. Ao socorrer aos feridos nun accidente de circulación, deberémoslos tapar cunha manta ou artigo similar?

- a) Si, tanto no verán como no inverno, para evitar a perda de calor.
- b) Non, salvo que a temperatura exterior sexa moi fría.
- c) Non, en ningún caso, pois é conveniente que súen.
- d) Non, salvo que os feridos estean inconscientes.

34. A principal calidade que debe posuír o líquido de freos é:

- a) o seu poder absorbente.
- b) ser incompresible.
- c) o seu poder calorífico.
- d) que posúa unha gran viscosidade.

35. A realización de transportes integramente desenvoltos en illas cuxa superficie non supere os 250 quilómetros cadrados, sempre que estas non se atopen unidas ao territorio peninsular por ningunha ponte, vao ou túnel cuxo uso estea aberto aos vehículos:

- a) está obrigado ao uso de tacógrafo, pero analóxico.
- b) está obrigado ao uso de tacógrafo, pero dixital.
- c) está exento do uso de tacógrafo.
- d) está obrigado ao uso de tacógrafo.

36. Ante a presenza dun accidente de circulación, se houberse feridos graves, os demais condutores:

- a) deben exercer movementos intensos sobre os feridos para que se reanimen.
- b) deben trasladar aos feridos urxentemente nos seus vehículos ao hospital máis próximo.
- c) non deben mover aos feridos, salvo perigo inminente de incendio, atropelo ou outra circunstancia similar.
- d) deben continuar a marcha para non entorpecer a circulación.

37. A un motorista accidentado, débesele quitar o casco?

- a) Si, sempre para que poida respirar mellor.
- b) Nunca, nin permitir que outros o fagan.
- c) Si, entre varias persoas e deixando inmobilizado o pescozo.
- d) Si, se se atopa inconsciente.

38. O condutor, entre outros datos, que debe facer constar nunha nova folla de rexistro ou disco-diagrama antes de inserila?

- a) Nome e apelido.
- b) Hora UTC.
- c) Homologación do sensor de movemento.
- d) Número de chasis do vehículo.

39. Que pauta de actuación que debe seguirse en caso de incendio dun vehículo non é correcta?

- a) Informar os pasaxeiros das instrucións recibidas respecto a a continuidade da súa viaxe.
- b) O condutor non ten a obriga de tentar apagar o lume co extintor, iso é cousa dos bombeiros.
- c) Accionar a luz de emerxencia.
- d) Frear con precaución detendo o vehículo á dereita, fóra da calzada e da beiravía se fose posible.

40. Cales das seguintes medidas de prevención de riscos laborais son obriga do empresario?

- a) Utilizar as ferramentas con precaución.
- b) Adoptar medidas de protección.
- c) Respetar os métodos de traballo.
- d) Utilizar os equipos de protección.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 07-04-2021 09:00 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

41. Nos accidentes de traballo no transporte, que lesión, causada pola falta de varandas nas plataformas superiores de almacéns e peiraos de carga, é máis frecuente?

- a) Lumbalxias, cervicalgias e todo tipo de molestias nas costas.
- b) Hernias discales.
- c) Fracturas de ósos.
- d) Problemas de circulación sanguínea.

42. Se se vai a montar unha batería no compartimento dun automóbil...

- a) débese quitar o fusible xeral.
- b) o último cable que se debe montar é o cable negativo.
- c) o último cable que se debe montar é o cable positivo.
- d) débese montar primeiro o cable de masa.

43. Quen son os usuarios de tráfico?

- a) Exclusivamente os pasaxeiros.
- b) Os peóns, os pasaxeiros e os condutores.
- c) Exclusivamente os peóns.
- d) Exclusivamente os condutores.

44. Que actuación debe realizarse preferentemente en caso de evacuación dun vehículo de transportes?

- a) Curar aos feridos se estes o necesitan.
- b) Impedir que os pasaxeiros saian do vehículo ata que non se avise ao persoal especializado.
- c) Sacar todas as pertenzas dos pasaxeiros para evitar problemas legais.
- d) Todas as respostas anteriores son incorrectas.

45. No embrague hidráulico, onde se atopa situada a bomba impulsora?

- a) Unida ao eixo primario da caixa de velocidades.
- b) Unida ao eixo secundario da caixa de velocidades.
- c) Unida ao eixo intermediario da caixa de velocidades.
- d) Unida ao volante de inercia.

46. Os palieres únense por un dos seus extremos aos planetarios do grupo diferencial e polo outro extremo únense...

- a) aos satélites.
- b) ao grupo cónico.
- c) ao cubo da roda.
- d) á árbore de transmisión.

47. Que é o par motor?

- a) É o esforzo que transmite o pistón sobre o cigüeñal.
- b) É a velocidade de movemento do pistón.
- c) É o tempo que tarda o pistón en percorrer a distancia que hai entre o punto morto superior e o punto morto inferior.
- d) É o tempo que tarda o pistón en realizar dúas carreiras.

48. Se un condutor non colabora e se nega a entregar a documentación requirida polos axentes encargados dun control na estrada está a cometer unha infracción:

- a) de obstrución ao labor inspector.
- b) de colaboración coa empresa.
- c) de imprudencia.
- d) de descanso diario.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 07-04-2021 09:00 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

49. Que caso é equiparable a unha infracción de inadecuado funcionamento do aparello de control analóxico ou dixital?

- a) Circular co tacógrafo avariado durante máis dunha semana.
- b) Circular co tacógrafo avariado durante máis de 1 día.
- c) Circular co tacógrafo avariado durante máis de 3 días.
- d) Circular cun exceso de condución diaria.

50. Non pasar as revisións periódicas do tacógrafo é unha infracción equiparable:

- a) á manipulación do tacógrafo.
- b) ao inadecuado funcionamento do aparello de control.
- c) ao exceso de velocidade.
- d) a carecer de aparello de control.

51. Segundo a regulación do Espazo Schengen, se non é posible por parte do transportista a devolución inmediata ao lugar de procedencia dun nacional dun país terceiro ao que se denegou a entrada:

- a) non está obrigado á súa devolución.
- b) pode esperar ata 6 meses para devolvelo.
- c) o transportista deberá facerse responsable dos gastos de estancia e regreso ao lugar de procedencia.
- d) só estará obrigado a devolvelo se é nacional dun país de América do Sur.

52. Que se coñece como empatía nun profesional dunha empresa de transportes?

- a) As instalacións da empresa.
- b) A limpeza dos locais da empresa desde que se comeza a prestar o servizo ata que se termina.
- c) A demostración da vontade de comprender e satisfacer as necesidades do cliente.
- d) A puntualidade nos servizos.

53. Os traballadores dunha empresa de transportes identifícanse coa empresa, son parte importante da súa imaxe. Neles non é importante:

- a) a estatura dos condutores.
- b) a aparencia.
- c) a actitude cara ao cliente.
- d) os valores humanos.

54. Cal dos seguintes elementos do vehículo forma parte do retardador hidráulico?

- a) O cilindro de amortiguación.
- b) O calderín secador.
- c) O estátor fixo.
- d) A válvula de aceleración.

55. Cal é a función do sistema de transmisión?

- a) Controlar o fluxo de carburante cara ao motor.
- b) Levar ás rodas o movemento xerado polo motor.
- c) Conectar os cilindros co cigüeñal.
- d) Transmitir a presión xerada na combustión ao cigüeñal.

56. Cal é unha enfermidade profesional recoñecida no sector transporte?

- a) Xordeira provocada polo ruído.
- b) Enfermidades osteoarticulares por vibracións mecánicas.
- c) Derrames cerebrais.
- d) As resposta A e B son correctas.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 07-04-2021 09:00 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

57. De que se compoñen as rodas dun vehículo automóbil?

- a) Dunha parte pneumática e unha parte plástica.
- b) Dun pneumático e unha cuberta.
- c) Dunha parte metálica e unha parte pneumática.
- d) Dunha parte fixa (cámara) e unha parte móbil (cuberta).

58. Onde recae, basicamente, o peso do transporte internacional de mercadorías en España?

- a) Nas empresas grandes.
- b) Nas empresas medianas.
- c) Nas empresas pequenas.
- d) De forma proporcional, nas empresas grandes, medianas e pequenas.

59. En que transforman as rodas a enerxía xerada polos mecanismos da cadea cinemática do vehículo?

- a) En freada rápida.
- b) En par motor.
- c) En desprazamento.
- d) En freada regulada.

60. Por que siglas é coñecida a distribución electrónica da forza de freado?

- a) EFP.
- b) ABS.
- c) EBS.
- d) EBV.

61. O freo eléctrico é un tipo de...

- a) freo de disco.
- b) freo de tambor.
- c) ralentizador.
- d) antibloqueador de freos.

62. Falar polo móbil, é un factor que afecta á atención e pode producir distraccións?

- a) Si, é un factor interno ao condutor.
- b) Si, é un factor externo ao condutor.
- c) Non é un factor que afecte á conducción.
- d) Si, pero soamente nos traxectos longos.

63. Que funcións corporais aumentan de día e diminúen de noite?

- a) A temperatura.
- b) A capacidade respiratoria.
- c) A capacidade mental.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

64. Que precintos debe levar un tacógrafo dixital?

- a) Ningún, posto que toda a información é dixital e non se pode perder.
- b) Só o frontal do tacógrafo.
- c) Só a conexión da parte posterior.
- d) Calquera conexión que, se se desconectase, ocasionaría perdas de datos que non se poderían recuperar.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 07-04-2021 09:00 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

65. Como se reflicte o modo de funcionamento do tacógrafo dixital na pantalla?

- a) Non se reflicte.
- b) Reflictese cun pictograma que nos indica o modo no que funciona nese momento.
- c) Cun incidente.
- d) Cun fallo que nos indica o modo no que funciona nese momento.

66. A que se denomina talón dun pneumático?

- a) Á zona de contacto do pneumático co chan.
- b) Á zona de unión do pneumático coa lamia.
- c) Á zona do pneumático onde vai suxeita a válvula.
- d) Á zona de unión do flanco coa banda de rodamento.

67. Como se pode detectar que o circuíto pneumático de freos non ten estanqueidade?

- a) Comprobando que a presión no circuíto supera o valor máximo debido á entrada de aire do exterior.
- b) Comprobando que a lectura do manómetro non se mantén á presión normal de traballo.
- c) Comprobando o nivel do aire no depósito.
- d) Se ao frear se bloquean as rodas é que non hai estanqueidade.

68. Que tipo de freo actúa sobre a transmisión?

- a) O freo de inercia.
- b) O freo de disco.
- c) O freo de tambor.
- d) O freo eléctrico.

69. Que inscrición figurará no lateral dun pneumático para indicar que os flancos están reforzados?

- a) Regroobable.
- b) Tubeless.
- c) Reinforced.
- d) MS

70. Cal das seguintes é unha vía de entrada dunha substancia perigosa para o organismo?

- a) Vía pecuaria.
- b) Vía hepática.
- c) Vía hemofílica.
- d) Vía dixestiva.

71. Cal dos seguintes elementos é un tipo de ralentizador?

- a) O freo no escape.
- b) O ABS.
- c) O freo de disco.
- d) O ASR.

72. Na secuencia dun accidente, como se denomina ao lapso de tempo que transcorre entre a recepción de información e a actuación concreta por parte da persoa implicada?

- a) Tempo de reacción.
- b) Fase de impacto.
- c) Fase de percepción.
- d) Fase de decisión.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 07-04-2021 09:00 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

73. Que parte da cuberta dun pneumático é a que aguanta a masa do vehículo e a presión de inflado?

- a) A carcasa.
- b) A banda de rodamento.
- c) O cinto.
- d) Os talóns.

74. Que obrigacións de prevención de riscos laborables ten o traballador?

- a) Evitar riscos evitables.
- b) Utilizar os equipos de protección.
- c) Formar e informar.
- d) Adoptar medidas de protección.

75. Que vehículos están obrigados a utilizar tacógrafo en transporte de mercadorías?

- a) Os de máis de 3,5 toneladas de masa máxima autorizada.
- b) Os de máis de 5 toneladas de masa máxima autorizada unicamente.
- c) Os de máis de 2 toneladas de masa máxima autorizada.
- d) Os de máis de 1,5 toneladas de masa máxima autorizada.

76. Que zona da cuberta dun pneumático está sometida a constantes esforzos de flexión e carga?

- a) Os talóns.
- b) Os flancos.
- c) Os ombreiros.
- d) A banda de rodamento.

77. De que cor son as sinais de identificación dunha estrada da rede xeral do Estado?

- a) Laranxas.
- b) Verdes.
- c) Amarelas.
- d) Vermellas.

78. A que sinais é importante estar atentos en caso de néboa xa que delimitan o centro e os bordos da calzada?

- a) Semáforos.
- b) Marcas viarias.
- c) Sinais verticais.
- d) Ordes dos axentes.

79. Se un vehículo vai provisto dun tacógrafo dixital, que é obrigatorio levar?

- a) Discos-diagrama.
- b) Papel para impresión.
- c) A tarxeta da empresa.
- d) A tarxeta de inspección.

80. O tipo de aceite utilizado no sistema de lubricación dun motor de combustión, inflúe no consumo de carburante?

- a) Si, son mellores os aceites monogrados.
- b) Si, xa que un aceite de boa calidade reducirá os rozamentos e as perdas de potencia.
- c) Non, só terá influencia no maior ou menor desgaste das pezas.
- d) Si, sendo os mellores aqueles cuxa densidade é baixa.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 07-04-2021 09:00 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

81. Nos motores dos automóviles actuais, se o vehículo circula a máis de 20 km/h o consumo é nulo:

- a) sempre.
- b) se o pedal do embrague está pisado e non se acelera.
- c) se o pedal do embrague non está pisado, non se acelera e non se pon punto morto.
- d) cando está metida a primeira relación de marchas.

82. A maior velocidade, é tamén maior o consumo de combustible?

- a) Non, consómese menos.
- b) Non, tal circunstancia non inflúe no consumo.
- c) Si, aínda que o consumo aumenta moi lixeiramente.
- d) Si, aumentando en maior proporción o consumo respecto de a velocidade.

83. Que factor inflúe no consumo de carburante?

- a) A aerodinámica do vehículo.
- b) A lonxitude do cigüeñal.
- c) A lonxitude da árbore de levas.
- d) A lonxitude do pistón.

84. Que factor non inflúe no consumo de carburante dun automóbil?

- a) O mantemento do vehículo.
- b) A posición do pedal do acelerador.
- c) A lonxitude da árbore de levas.
- d) A relación de marchas seleccionada na caixa de velocidades.

85. Cal é unha boa medida para non aumentar o consumo de carburante ao conducir un automóbil?

- a) Aumentar o coeficiente aerodinámico mediante a instalación de aleróns.
- b) Aumentar a presión de inflado dos pneumáticos para reducir o rozamento co asfalto.
- c) Montar caixas de velocidades con cambio automático xa que facilitan a conducción.
- d) Manter o filtro do aire limpo e substituílo seguindo as recomendacións do fabricante do vehículo.

86. A que é debido a saída de fumes cor branca azulado polo tubo de escape?

- a) A que o filtro de aire está en malas condicións, impedindo o paso correcto do aire.
- b) A que o filtro de aceite está en malas condicións, impedindo o paso correcto do aceite.
- c) A que os segmentos de engraxamento están moi gastados e entra aceite na cámara de combustión.
- d) A que o carburante utilizado é de mala calidade.

87. Nun motor, o sistema de refrixeración serve para...

- a) complementar a lubricación.
- b) manter a temperatura do vehículo.
- c) purificar os gases.
- d) previr o sobrequecemento.

88. Nas estatísticas de accidentes de circulación, o índice de mortalidade fai referencia...

- a) ao número de falecidos por cada 100 millóns de km percorridos.
- b) ao número de accidentes con vítimas por cada 100 millóns de km percorridos.
- c) a indicadores que comparan o número de vítimas e o número de falecidos.
- d) Todas as respostas son correctas.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 07-04-2021 09:00 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

89. Cal das seguintes pezas forma parte do sistema de transmisión?

- a) Os pistóns.
- b) O cigüeñal.
- c) O volante do motor.
- d) O diferencial.

90. Cando se produce un cabeceo?

- a) Cada vez que circulamos nunha curva.
- b) Cando o camión experimenta unha forza lateral.
- c) Cando hai unha aceleración ou unha freada.
- d) Só cando hai unha freada.

91. Se os sinais de dano se perciben no exterior dos vultos, cando debe facerse a reclamación?

- a) Dentro das 24 horas seguintes á recepción.
- b) Dentro das 48 horas seguintes á recepción.
- c) Dentro das 12 horas seguintes á recepción.
- d) No momento da recepción.

92. Cando está exento do uso do tacógrafo un transporte privado complementario?

- a) Cando a MMA do vehículo utilizado non sexa superior a 7,5 toneladas.
- b) Cando o transporte se desenvolva integramente dentro dun radio de 100 quilómetros ao redor do centro de explotación da empresa.
- c) Cando a conducción de vehículos non constitúa a principal actividade do condutor.
- d) Cando se dean as 3 circunstancias anteriores

93. É conveniente que o respaldo do asento do condutor:

- a) cubra só parcialmente as costas.
- b) teña unha inclinación ao redor de 60 graos.
- c) teña posibilidade de axuste no apoio lumbar.
- d) non teña ningunha inclinación.

94. No caso de roteiros procedentes de fóra do Espazo Schengen, están obrigados os transportistas a remitir ás autoridades información relativa aos pasaxeiros?

- a) Si, antes de que se produza a saída.
- b) Si, no prazo de quince días desde que finalice o transporte.
- c) Non, salvo que se produza algún incidente durante o embarque ou transporte.
- d) Non, trátase de datos persoais que o transportista non pode revelar a ningún.

95. Para garantir unha circulación segura, será necesario:

- a) observar a contorna, advertir as manobras e executalas con precisión.
- b) manter unha reducida distancia de seguridade co vehículo precedente.
- c) observar as manobras e advertirlle á contorna.
- d) manter unha velocidade de cruceiro estable.

96. Excepto as motocicletas, cantas placas de matrícula ordinaria deberán levar os automóviles?

- a) Dúas, unha colocada na parte dianteira e a outra na parte traseira do vehículo.
- b) Unha, colocada na parte traseira do vehículo.
- c) Tres, unha colocada na parte dianteira e as outras dúas colocadas na parte traseira do vehículo.
- d) Ningunha.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 07-04-2021 09:00 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

97. O fondo dun sinal de presinalización colocada sobre a calzada en autoestrada ou autovía cara a calquera estrada, de que cor é?

- a) Verde.
- b) Azul.
- c) Blanco.
- d) Amarelo.

98. O volante de inercia dun motor de combustión...

- a) serve para aumentar as revolucións do motor.
- b) serve para diminuír as revolucións do motor.
- c) serve para poñer en punto morto a caixa de velocidades.
- d) leva unha coroa dentada na súa periferia que serve para que engrane o piñón da posta en marcha.

99. Que tipo de ralentizador posúe unha válvula que pecha parcialmente o tubo de saída do colector de escape?

- a) O retárder.
- b) O freo no motor.
- c) O intárder.
- d) O freo eléctrico.

100. Segundo o Regulamento da Unión Europea relativo á homologación de tipo de pneumáticos de nova fabricación, os pneumáticos clasifícanse en tres categorías. Pode un pneumático estar clasificado en varias clases?

- a) Non, en ningún caso.
- b) Só cando se trata de pneumáticos homologados para vehículos de transporte de mercadorías.
- c) Só cando se trata de pneumáticos homologados para vehículos de transporte de persoas.
- d) Si, sempre que cumpra todos os requisitos pertinentes de cada clase á que pertenza.

| |
|--|
| Preguntas de reserva (Só se corruxirán se o tribunal anula algunha das anteriores) |
|--|

101. Os operadores de transporte, ao contratar o transporte para a distribución das mercadorías que teñen en depósito, farano:

- a) sempre en nome do propietario das mercadorías.
- b) sempre en nome propio.
- c) indistintamente, en nome propio ou en nome do propietario das mercadorías.
- d) Non poden contratar o transporte directamente, teñen que recorrer a unha axencia de transportes.

102. Se o lume está en fase latente só existen tres formas de extingui-lo, cales son?

- a) Redución da temperatura, eliminación do combustible e eliminación do osíxeno.
- b) Redución da temperatura, eliminación do combustible e eliminación do nitróxeno.
- c) Aumento da temperatura, eliminación do combustible e eliminación do osíxeno.
- d) Redución da temperatura, eliminación do combustible e eliminación do hidróxeno.

103. Cando se fala dos freos se disco, está a facerse referencia:

- a) a un freo eléctrico.
- b) a un freo de expansión.
- c) a un tipo de freo cuxo elemento frenante é a pastilla.
- d) a un freo hidráulico.

EXAMEN DE OBTENCIÓN DEL CAP

Examen: Mercancías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

Lugar: Rua Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Fecha: 07-04-2021 09:00 h

97. El fondo de una señal de preseñalización colocada sobre la calzada en autopista o autovía hacia cualquier carretera, ¿de qué color es?

- a) Verde.
- b) Azul.
- c) Blanco.
- d) Amarillo.

98. El volante de inercia de un motor de combustión...

- a) sirve para aumentar las revoluciones del motor.
- b) sirve para disminuir las revoluciones del motor.
- c) sirve para poner en punto muerto la caja de velocidades.
- d) lleva una corona dentada en su periferia que sirve para que engrane el piñón de la puesta en marcha.

99. ¿Qué tipo de ralentizador posee una válvula que cierra parcialmente el tubo de salida del colector de escape?

- a) El retarder.
- b) El freno en el motor.
- c) El retarder.
- d) El freno eléctrico.

100. Según el Reglamento de la Unión Europea relativo a la homologación de tipo de neumáticos de nueva fabricación, los neumáticos se clasifican en tres categorías. ¿Puede un neumático estar clasificado en varias clases?

- a) No, en ningún caso.
- b) Sólo cuando se trata de neumáticos homologados para vehículos de transporte de mercancías.
- c) Sólo cuando se trata de neumáticos homologados para vehículos de transporte de personas.
- d) Sí, siempre que cumpla todos los requisitos pertinentes de cada clase a la que pertenezca.

Preguntas de reserva (Solo se corregirán si el tribunal anula alguna de las anteriores)

101. Los operadores de transporte, al contratar el transporte para la distribución de las mercancías que tienen en depósito, lo harán:

- a) siempre en nombre del propietario de las mercancías.
- b) siempre en nombre propio.
- c) indistintamente, en nombre propio o en nombre del propietario de las mercancías.
- d) No pueden contratar el transporte directamente, tienen que recurrir a una agencia de transportes.

102. Si el fuego está en fase latente sólo existen tres formas de extinguirlo, ¿cuáles son?

- a) Reducción de la temperatura, eliminación del combustible y eliminación del oxígeno.
- b) Reducción de la temperatura, eliminación del combustible y eliminación del nitrógeno.
- c) Aumento de la temperatura, eliminación del combustible y eliminación del oxígeno.
- d) Reducción de la temperatura, eliminación del combustible y eliminación del hidrógeno.

103. Cuando se habla de los frenos se disco, se está haciendo referencia:

- a) a un freno eléctrico.
- b) a un freno de expansión.
- c) a un tipo de freno cuyo elemento frenante es la pastilla.
- d) a un freno hidráulico.

EXAMEN DE OBTENCIÓN DEL CAP

Examen: Mercancías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Fecha: 07-04-2021 09:00 h

